

Lugo, 3 novembro de 2014 . O Alcalde. P.D. O Tenente de Alcalde Delegado da Área de Urbanismo e Medio Ambiente. (Decreto Alcaldía número 13008372/2013). Fdo.: Luis Manuel Álvarez Martínez

R. 4303

Anuncio

En cumprimento do disposto no artigo 151 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público faise público:

1.- Entidade adxudicadora.

a) **Organismo:** Excmo. Concello de Lugo.

b) **Dependencia que tramita o expediente:** Servizo de Contratación e Patrimonio.

2.- Obxecto do contrato:

a) **Tipo de contrato:** servizos

b) **Descrición do obxecto:** É a prestación de actividades extraescolares e complementarias, servizo de apoio ó comedor incluídas dentro do programa "Unha escola aberta" nos Centros Públicos de Educación Infantil e Primaria da nosa cidade que se levan a cabo dende a Concellería de Educación, e a subministración de material funxible para este programa, todo elo, segundo o disposto no prego de prescricións técnicas elaborado pola Concellería de Educación do Concello de Lugo.

3.- Tramitación e procedemento.

a) **Tramitación:** ordinaria

b) **Procedemento:** aberto

4.- Tipo de licitación:

a) **Orzamento máximo do contrato:** o custo máximo anual de 219.506,84 euros mais o 10% de IVE (21.950,68 euros) durante a primeira anualidade, polo que o presuposto máximo é de 241.457,52 euros, IVE incluído.

5.- Adxudicación:

a) **Data:** 18 de setembro de 2014

b) **Contratista:** A BILLARDA S.L

c) **Nacionalidade:** española

d) **Orzamento máximo do contrato:** é de 185.051,02 euros anuais, IVE excluído, ó que sumado o IVE (10%) resulta un prezo máximo anual do contrato de 203.556,12 euros, IVE incluído.

Con respecto ás melloras; oferta: 200 horas anuais para o reforzo das actividades extraescolares (custo/hora: 14 euros), IVE excluído, resultando un custo total desta mellora de 2.800 euros, IVE excluído.

Oferta 4.000 horas anuais para reforzo do servizo de apoio ao comedor (custo/hora: 9,53 euros, IVE excluído, resultando un custo total desta mellora de 38.120 euros, IVE Excluído).

6.- Data de Formalización: 10 de outubro de 2014.

Lugo, 10 de outubro de 2014. O ALCALDE, POR SUPLENCIA OITAVA TENENTE-ALCALDE (Decreto núm. 14007770). Asdo.: Rosana Rielo Rozas

R.4304

Anuncio

DECRETO NÚMERO 14009936 do 31/10/2014

Excmo. Sr. DON JOSÉ CLEMENTE LÓPEZ OROZCO, Alcalde- Presidente do Excmo. Concello de Lugo.

Unha vez publicado no Boletín Oficial da Provincia de Lugo nº 007, do 9 de xaneiro de 2013 o Decreto nº 12011215, do 20 de decembro de 2012, ditado polo Excmo. Sr. Alcalde-Presidente do Excmo. Concello de Lugo, polo que se aprobaron as listas provisionais de admitidos e excluídos no procedemento selectivo convocado para a cobertura, en quenda libre, dunha praza de Auxiliar Administrativo/a e, polo que se concedeu un prazo de dez días hábiles para a presentación de enmendas.

Esta Alcaldía, en uso das atribucións conferidas polos artigos 124 e 127 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, así como en virtude do acordo nº 16/388 da Xunta de Goberno Local, do 29 de maio de 2013, e do decreto número 13008312, do 30 de agosto de 2013, modificado polos decretos números 14003100 e 14004468, de datas do 31 de marzo e do 12 de maio de 2014, respectivamente, **RESOLVE:**